



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN MATERIA DEPORTIVA DO CONCELLO DE BARBADÁS, ANUALIDADE 2024.

BASE I. OBXECTO, FINALIDADE, EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

1. De acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, non discriminación e igualdade, e, de conformidade con Plan estratéxico de subvencións do Concello de Barbadás, as presentes bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de determinadas axudas económicas monetarias, que segundo as disposicións legais vixentes, terán carácter de subvención. En concreto, o obxecto das presentes bases será as actividades realizadas para fomento dos intereses e do movemento deportivos do Concello. (CÓDIGO 2025.003), consistente en dúas liñas:

- I. Liña 1. Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción económica.
 - II. Liña 2. Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social de ámbito estatal que contribúan á promoción económica.
 - III. Liña 3. Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competencias e actividades federadas de carácter oficial, ben na tempada, ou anualidade que rematen no exercicio orzamentario.
2. A estes efectos, considérase que, segundo as disposicións legais vixentes, as presentes axudas terán carácter de subvención e se concederán polo Concello de Barbadás para a realización de determinadas actividades que complementen os atribuídos á competencia municipal e, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares, e dos intereses xerais da veciñanza do Concello.
3. A finalidade das presentes subvencións será o fomento dos intereses

Concello de Barbadás





peculiares do Concello en materia deportiva, das asociación deportivas e dos seus programas e actividades, entendendo como tales ás que persigan ou contribúan á promoción, difusión, fomento e consolidación do asociacionismo deportivo e a realización de actividades deportivas que complementen as atribuídas á competencia municipal, en concreto: por unha banda, a organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva; e, por outra banda, os gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial, ben na tempada ou anualidade que rematen no exercicio orzamentario.

4. Para os efectos desta convocatoria, considéranse subvencionables os gastos así considerados, nas contías, importes, porcentaxes, conceptos e demais límites que se establezan no correspondente apartado.

5. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as seguintes actividades:

- a) Aquelas que sexan solicitadas noutras convocatorias doutras concellerías do Concello de Barbadás.
- b) Aquelas incluídas nun Convenio de Colaboración co Concello de Barbadás.
- c) Aquelas que contén con partida nominativa no Orzamento do Concello de Barbadás. Esta exclusión alcanzará a toda entidade vinculada por calquera relación de dependencia ou control
- d) Aquelas que, de acordo co proxecto, memoria ou información presentada:
 - i. Non reúnan, a xuízo do órgano que corresponda a súa avaliación, unhas condicións mínimas de interese xeral, ou teñan escasa relevancia.
 - ii. Non estean ben definidas ou descritas e non poidan ser obxecto de valoración por tal motivo.





Concello de Barbadás

- iii. As que, a xuízo do órgano que corresponda a súa avaliación, teñan escasa relevancia e/ou carezan de interese xeral.
 - e) Aquelas que poidan ser consideradas ilícitas ou irregulares, entre outros motivos:
 - i. As que se executen sen o cumprimento e sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, en materia tributaria, ou laboral, ou de semellante natureza.
 - ii. As que, para a súa execución, non contén cos permisos e licencias necesarios, ou incumpran en materia urbanística, de utilización de dominio público, de normativa sectorial de espectáculos públicos, etc.
 - iii. As que poidan ser constitutivas de infracción administrativa ou penal.
 - iv. As constitutivas de condutas discriminatorias de calquera clase ou lesivas de dereitos fundamentais das persoas.
 - v. As que encubran actividades ilícitas ou irregulares.
 - f) Aquelas que non cumpran cos requisitos fixados nas presentes bases.
6. O procedemento de concesión desta subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva, e, segundo as seguintes normas:
- a) A Lei 38/2003, xeral de subvencións e disposición de desenvolvemento
 - b) A Lei 9/2017, de subvencións de Galicia
 - c) A Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Barbadás, versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 93, de 19 de maio de 2025.
7. Estas subvencións son incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras institucións públicas ou concertadas.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



BASE II. NATUREZA, CONTÍA E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCÍONS

1. As axudas que se conceden teñen natureza de subvención, nos termos previstos no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, terán tal condición, aos efectos que correspondan, segundo as obrigas tributarias que poidan proceder para as persoas perceptoras das mesmas.

2. A concesión das presentes subvencións está supeditada á contía especificada nos orzamentos do Concello de Barbadás para tal finalidade, vixentes no momento da convocatoria. En concreto:

Liña	Aplicación orzamentaria núm.	Contía máxima
Liña 1	Liña 1.- 341.480.00	2.500 €
Liña 2	Liña 2.- 341.480.00	2.500 €
Liña 3	Liña 3.- 341.480.01	9.000 €

3. O crédito previsto e polo tanto a concesión das subvencións, queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 para financiar os deberes derivados da convocatoria.

4. As contías individuais terán as limitacións que se recollen nas bases correspondentes.

BASE III. CONDICIÓ DE BENEFICIARIO

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión, así como, de ser o caso, as que resulten da aplicación do artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións.

2. En todo caso, aos efectos desta subvención se consideran beneficiarios ás Asociación ou Clubes de carácter deportivo validamente constituídas.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





BASE IV. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Primeira. Requisitos xerais. Para acollerse a este convocatoria as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos, no momento da convocatoria:

1. No estar incurso as persoas, as entidades, ou persoas que ostentan a representación legal das mesmas, en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
3. Que xustificaran as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello de Barbadás.
4. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base correspondente.
5. Estar ao corrente dos seus deberes tributarios coas seguintes administracións: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galiza (ATRIGA), Tesoureira Xeral da Seguridade Social (TXSS) e Concello de Barbadás. A este respecto, as entidades ou persoas solicitantes deberán cubrir no apartado de declaracións responsables da solicitude as certificacións de encontrarse ao corrente dos deberes tributarios e fiscais coas administracións antes citadas.

Segunda. Requisitos específicos. Para acollerse a este convocatoria as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos, no momento da convocatoria:

1. Ser unha Asociación de carácter deportivo
2. Ter o domicilio social no Concello de Barbadás
3. Realizar actividades de intereses municipal no Concello de Barbadás
4. Ter como obxecto principal da Asociación a realización de actividades polas que se solicita a subvención

Concello de Barbadás





5. Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Barbadás, con anterioridade á publicación desta convocatoria, en calidade de Asociacións de carácter deportivo
6. Carecer de fins de lucro, que acreditará cunha declaración responsable do representante, sen prexuízo de que, si durante a tramitación do expediente, se pon de manifesto a necesidade de comprobar este extremo, poida ser requirida a aportación adicional de documentación para xustificar esta condición.
7. Ter o seu domicilio social e desenrolar as súas actividades no ámbito territorial do Concello del Barbadás.
8. Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio

BASE V.- DEBERES DOS BENEFICIARIOS

1. Con carácter xeral, os beneficiarios das subvencións estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza e as demais obrigas as que resulten da lexislación en materia de subvencións.
2. Con carácter específico, deberán cumprir as que, especificamente se relacionan a continuación:
 - a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
 - b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención
 - c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e remitir a información que se lle requira.
 - d) Comunicarlle ao Concello de Barbadás a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse cando se realice a solicitude ou se coñeza a concesión e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención que se conceda.





- e) Non modificar a programación das actividades subvencionadas sen coñecemento e autorización expresa do Concello, cando resulte necesario.
- f) Facer constar en toda a publicidade e difusión da actividade ou programa subvencionados a colaboración do Concello de Barbadás.
- g) Publicar e dar publicidade as datas e lugares definitivos das actividades.
- h) Utilizar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e nas actividades.

3. Destes deberes responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que firmen a solicitude. Se houbera cambios na citada representación, deberán comunicarllo ao Concello de Barbadás, conforme ao sinalado na Lei 39/2015. Os novos representantes serán subrogados nos deberes indicados nesta convocatoria.

BASE VI. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. Solicitude. As asociacións interesadas deberán presentar a súa solicitude a través do trámite normalizado existente na Sede Electrónica do Concello, na que se cumprimentaran os datos identificativos así coma outros requiridos en concepto de declaracións responsable, e se asinará para a súa presentación.

2. Documentación. A solicitude de subvención deberá presentarse acompañada da seguinte documentación complementaria:

- ANEXO I. proxecto ou memoria descritiva da totalidade do proxecto a realizar, segundo o Modelo oficial que se aproba e que estará dispoñible no trámite da sede electrónica, no que constarán os datos necesarios para a valoración do programa e actividade, referidos, entre outros, ao obxecto e finalidade, cronograma, financiación e orzamento detallado total de gastos e ingresos esperados con indicación clara dos conceptos e cantidades (incluído o IVA).





Concello de Barbadás

Ademáis, deberá expresarse a nedia de participantes por cada actividade de promoción, formación e divulgativas ou escolas deportiva, o Importe do investimento para mellora, mantemento e xestión de instalacións municipais, e, de ser o caso, outros datos importantes de carácter social e deportivo do club. Deberán cumprimentarse e, no seu caso, entregarse, tantas copias como actividades, proxectos ou programas para os que se solicite subvención, pero todos os Anexo I que se cumprimenten deberán presentarse de forma conxunta nun único documento PDF. O non cumprimento desta clausula será causa de requerimento de subsanación.

1) En relación á Liña 1 e 2, na memoria deberá constar

- a. Obxectivos que se pretenden conseguir e interese xeral da actividade no ámbito municipal.
- b. Número de beneficiarios, directos.
- c. Modalidade feminina, de ser o caso.
- d. Modalidade para persoas con diversidade funcional, de ser o caso.
- e. Participación de categorías de base.
- f. Formación e divulgación deportiva.
- g. Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade.
- h. Ámbito territorial dos participantes.

2) En rerlación á Liña 3, na memoria deberá constar.

- a. Números de equipos, categoría e ámbito territorial da competición. De non figurar o territorio da competición, considerarase de ámbito local
- b. Número de licencias federativas durante a tempada obxecto da subvención por equipo no que se indique cales pertencen

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





á categoría feminina, especificando o ámbito territorial da competición. De non figurar o territorio da competición, considerarase de ámbito local. No caso de que a tempada coincida coa anualidade, xuntarase tamén o número de licencias tramitadas na tempada anterior

- c. Número de técnicos e persoal auxiliar adscrito con licenza federativa para a tempada obxecto da subvención e nivel ou categoría dos mesmos.
 - d. Declaración responsable na que se indique o número de técnicos e persoal auxiliar con alta federativa e titulación con valor oficial
 - e. Calendario oficial de competición.
- ANEXO II. Certificado do/a secretario/a da entidade onde consten os seguintes datos
 - Datos do/a presidente/a da entidade
 - Relación das subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
 - Datos onde consten os datos da xunta directiva, segundo o modelo de proxecto aprobado
 - Acta da última asemblea xeral ordinaria realizada, así como calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda pertinente para unha mellor valoración da solicitude.

3. A solicitude da subvención, xunto con toda a documentación necesaria, presentarase, obrigatoriamente, na sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>, no prazo de 10 días naturais contado a partir do día seguinte á publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvención nos termos do art. 30 de la LPAC y RD 130/2019 de 8 de marzo. A publicación anterior no Boletín Oficial da Provincia de





Concello de Barbadás

Ourense poderá ser efectuada directamente polo Concello de Barbadás, sen prexuízo da publicación que proceda na BDNS.

4. Os documentos estándar indicados como anexos nesta convocatoria son obrigatorios e poden ser ampliados polas persoas/entidades solicitantes, incluíndo a documentación que consideren oportuna para a mellor avaliación das súas solicitudes.

5. Ademais dos anteriores, en todos os casos se deberán presentar os seguintes documentos:

- i. NIF da entidade solicitante.
- ii. DNI-NIF/NIE do representante.
- iii. Acreditación da representación, se procede.
- iv. Certificación de titularidade da conta bancaria na que figure a asociación veciñal como titular e se faga constar o número de conta en formato IBAN e o código BIC da entidade bancaria.

6. As entidades solicitantes asumen a responsabilidade sobre a veracidade dos datos solicitados.

7. O Concello poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

8. Os/as solicitantes serán responsables da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o Concello poderá requirir a exhibición do documento orixinal para a comparación de la copia electrónica presentada.

9. Solo se admitirá a documentación en formato PDF, non admitíndose, en ningún caso, fotografías dos documentos necesarios para a solicitude.

10. Todos os modelos e anexos que sexan necesarios para a presentación da solicitude estarán a disposición das persoas solicitantes na Sede Electrónica do Concello de Barbadás.

11. A presentación da solicitude leva consigo:

- a) A aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





- b) A aceptación incondicional dos requisitos e obrigas que se conteñen nas bases e nas convocatorias.
- c) Autorización ao Concello de Barbadás, e por medio deste, á concellería competente na materia a as certificacións que deban emitir outros organismos públicos e administración.
- d) Autorización implícita ao Concello de Barbadás para tratar a información persoal que sexa necesaria e pertinente.

BASE VII. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. En cumprimento do deber imposto polo artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Barbadás, <https://barbadas.sedelectronica.gal/>, no trámite específico que se estableza.
2. En caso de que se presente a solicitude presencialmente, se requirirá a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, se considerará como data de presentación, a data da solicitude tramitada por medios electrónicos.
3. Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, se deberán remitir antes de que finalice o prazo outorgado para a súa presentación.

BASE VIII. PROCEDEMENTO

1. O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases se axustará ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, e nas disposicións aplicables da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no





Concello de Barbadás

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003 e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvenciones do Concello de Barbadás, versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, núm. 93, de 19 de maio de 2025.

2. En aplicación de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvenciones corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen el 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedinte será o Pleno.

3. A administración revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se está incompleta ou defectuosa, se requirirá ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles remita a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, en caso de incumprimento, se entenderá que desiste da súa solicitude (art. 68 de la LPAC).

4. O órgano instrutor do procedemento será a Concellería de Deportes.

5. A Comisión de Avaliación é o órgano colexiado ao que se refire ao que se refire o artigo 21 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e corresponderanlle as atribucións legais conferidas, a función de actuar como comisión de valoración das subvencións e a formulación das propostas de concesión das subvencións.

6. A Comisión de Avaliación se constituirá para o efecto e estará integrada por:

- Presidente/a: A persoa titular da concellería de deportes ou persoa na que delegue.
- Vogais: Dous empregados públicos municipais, con experiencia, competencia ou coñecementos acreditados sobre a materia.
- Secretario/a: O/a secretario/a do concello (con voz e sen voto), ou persoa na que delegue.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





7. O órgano concedinte será o Alcalde do Concello de Barbadás, sen prexuízo das delegacións que procedan.

8. Calquera alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos de financiación procedentes doutras administracións públicas ou entidades, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

BASE IX. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables os que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

2. Serán subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento de actividades de interese xeral para os cidadáns, que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024

3. Para ser considerados como subvencionables os gastos deberán ter relación coas seguintes materias:

- Gastos correntes necesarios para a realización da actividade, tales e como, provedores, servizos de profesionais independentes, etc.
- Gastos en concepto de desprazamentos ou manutención de deportistas, coa correlativa presentación de facturas xustificativas, ata un máximo do 40% da contía subvencionada.
- Calquera outro que garde debida e necesaria correlación coa actividade a desenvolver e non estea excluído de financiación

4. En ningún caso serán obxecto de subvención os seguintes gastos:

- i. Os gastos derivados de actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvenciones ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou aportación, directa ou indirecta, de calquera área ou departamento

Concello de Barbadás





Concello de Barbadás

do Concello no mesmo exercicio económico.

- ii. As actividades que non se axusten ao descrito nos bloques 1, 2, 3 e 4.
- iii. Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- iv. As viaxes de ocio, os gastos de arranxos florais (ramos, centros, coroas, etc.)
- v. As actividades de carácter privado que non teñan un carácter de acceso público.
- vi. Os gastos de instrumentos y vestiario.
- vii. Os gastos en produtos de limpeza.
- viii. Os gastos derivados da concertación, cota e recibos de seguros de responsabilidade civil que contraen as asociacións.
- ix. Os gastos realizados en concepto de tributos municipais de calquera clase.
- x. Os gastos realizados en tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde

5. Non se subvencionarán investimentos reais, sendo o obxecto da subvención reguladas nestas bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades culturais concretas. Para estes efectos, consideraranse investimentos reais as definidas no Capítulo II da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que dispón: "Este capítulo comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades das Entidades locais e dos seus Organismos autónomos que non produzan un incremento do capital ou do patrimonio público. Serán imputables aos créditos deste capítulo os gastos orixinados para a adquisición de bens que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Ser bens funxibles.
- b) Ter unha duración previsiblemente inferior ao exercicio orzamentario.
- c) Non ser susceptibles de inclusión en inventario.

Concello de Barbadás





- d) Ser gastos que previsiblemente sexan reiterativos.
6. Con respecto aos gastos gastronómicos, so se considerarán como gastos subvencionables, segundo o seguintes:
- a) Como máximo, se considerará subvencionable os gastos gastronómicos ata o límite do 20% do orzamento total presentado da actividade, evento, etc., segundo se acredite na correspondente memoria da actividades.
 - b) Como máximo, se considerará subvencionable o 20% das facturas presentadas en concepto de gastos gastronómicos ou similares.
 - c) En todo caso, deberán ser considerados como necesarios ou imprescindibles para a realización das actividades, extremo que deberá ser xustificado na correspondente memoria.
8. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvenciones ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o coste da actividade subvencionada.
9. O importe máximo subvencionable por solicitude será, como máximo:
- I. Solicitudes relativas á Liña 1.- 2.500 euros por solicitude.
 - II. Solicitudes relativas á Liña 2.- 2.500 euros por solicitude.
 - III. Solicitudes relativas á Liña 3.- 1.500 euros por solicitude.
10. Sen prexuízo do anterior, o importe global máximo destinado á financiación da subvención poderá prorratearse entre os beneficiarios da subvención, cando o número de estes con dereito ao importe máximo poida superar o importe global máximo consignado na aplicación orzamentaria.

BASE X. CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

1. A Comisión de Avaliación formulará a proposta de concesión ou denegación da subvención, así como a súa contía económica, tendo en conta os seguintes criterios.





A. LIÑA 1. Eventos Deportivos e outras actividades de especial transcendencia social de ámbito inferior ao estatal

Criterio	Criterio
A. Ámbitos de competición	I. Competicións de ámbito autonómico. (5 puntos) II. Competicións de ámbito provincial. (4 puntos) III. Competicións de ámbito local. (3 puntos)
B. Número de edicións (antigüidade)	1 punto por cada edición, máximo 5 puntos.
C. Número de participantes	1 punto por cada 100 participantes ou fracción, máximo 5 puntos.
D. Maior esforzo económico	15 puntos, resto proporcionalmente
E. Colobaración nos eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello, durante os últimos 3 anos	1 punto por cada evento no que se colaborou co Concello, cun máximo de 3 puntos por ano, máximo 9 puntos.)
F. Promoción da lingua galega	3 puntos polo uso da lingua galega
G. Deporte para personas con diversidade funcional	1 punto
H. Deporte feminino	1 punto

Para considerar unha proba dun determinado ámbito considerárase para obter maior puntuación un mínimo de 10 participantes en probas individuais e de 2 equipos en competicións por equipos.

B. LIÑA 2. Eventos Deportivos e outras actividades de especial transcendencia social de ámbito estatal ou superior

Criterio	Criterio
A. Ámbitos de competición	I. Competicións de ámbito mundial. (5 puntos) II. Competicións de ámbito europeo. (4 puntos) III. Competicións de ámbito estatal (3 puntos)





B. Número de edicións (antigüidade)	1 punto por cada edición, máximo 5 puntos.
C. Número de participantes	1 punto por cada 100 participantes ou fracción, máximo 5 puntos.
D. Maior esforzo económico	15 puntos, resto proporcionalmente
E. Colobaración nos eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello, durante os últimos 3 anos	1 punto por cada evento no que se colaborou co Concello, cun máximo de 3 puntos por ano, máximo 9 puntos.)
F. Promoción da lingua galega	3 puntos polo uso da lingua galega
G. Deporte para personas con diversidade funcional	1 punto
H. Deporte feminino	1 punto

C. LIÑA 3. Gastos de funcionamento de entidades deportivas.

Criterio	Criterio
A. Ámbitos de competición	I. Equipos ou deportistas en competicións de ámbito nacional. (5 puntos) II. Equipos ou deportistas en competición de ámbito interprovincial ou autonómico. (4 puntos) III. Equipos do deportistas en competicións de ámbito provincial e local. (3 puntos)
B. Número de licencias	1 punto por cada 10 licencias
C. Antigüidade no Rexistro de Entidades Deportivas do Concello de Barbadás	1 punto por cada ano, máximo 5 puntos.
D. Colaboración nos eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello, durante os últimos 3 anos	1 punto por cada evento no que se colaborou con Concello, cun máximo de 3 puntos por ano, máximo 9 puntos.)
E. Número e cualificación dos técnicos deportivos titulados do club	I. 2 puntos adestrador con título nacional II. 1 punto por adestrador ou monitor de base titulado
F. Número de horas de uso de	Máxima utilización – 5 puntos, resto

Concello de Barbadás





instalacións deportivas públicas	proporcionalmente
G. Deporte feminino	1 punto por cada categoría ou cada 10 participantes. Máximo 10 puntos.
H. Deporte para personas con diversidade funcional	1 punto por cada categoría ou por cada 10 participantes. Máximo 10 puntos
I. Organización de actividades complementarias de formación de deportistas (campus, clinics, xornadas, campamentos, actividade solidarias, torneos)	1 punto por cada actividade organizada polo club e que sexa considerada de interese pola Concellería de Deportes.
J. Promoción da lingua galega	3 puntos polo uso da lingua galega
K. Maior esforzo económico	15 puntos, resto proporcionalmente
L. Número de uso de instalacións deportivas públicas	Máxima utilización -5 puntos, resto proporcionalmente.
M. Crecemento no número de categorías respecto a tempada anterior	2 puntos por cada categoría que se aumente no club, máximo 6 puntos.
N. Crecemento no número de licenzas que se aumente respecto ó ano anterior	1 punto por cada cada 10 licencias que se respeten o ano anterior, cun máximo de 5 puntos.

2. Cando, conforme á base anterior, do número de solicitudes e do valor obtido polas proxectos e programación se exceda da contía máxima orzada, se procederá ao prorrateo do importe global máximo destinado á financiación da subvención, as contías anteriores serán establecidas de xeito proporcional ao número de solicitantes.

3. Se a asociación recibe outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos non finalistas (outorgadas por outras administracións, entidades persoais ou por particulares) vinculados á financiación de actividades diferentes ás que sexan obxecto desta subvención ou a o funcionamento xeral da entidade, deberá acreditarse que a suma da subvención municipal e esas posibles axudas, subvencións ou recursos, non supera o 100% do importe da actividade subvencionada.

4. Segundo o previsto no art. 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non se abonará máis que o importe xustificado co limite da subvención





concedida. Enténdese que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiación necesaria para a total execución das actividades subvencionadas.

BASE XI. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados de acordo co previsto no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.
2. Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos/as interesados/as.
3. Neste caso a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.
4. Unha vez efectuada a proposta de resolución definitiva por parte do órgano instrutor, elevarase ao Alcalde do Concello para que proceda á resolución do expediente, que será notificada a todos os solicitantes de acordo co previsto no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.
5. A concesión das subvenciones a que se refire a presente ordenanza non implicará relación contractual ningunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e la persoa ou entidade beneficiaria da subvención.
6. A resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de





dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se se produce o seu desestimación por silencio.

BASE XII. PAGO E JUSTIFICACIÓN

1. O pago das subvencións se realizará nun único desembolso. Non será posible o pago anticipado.
2. Non se poderá realizar ningún pago se a asociación non está ao corrente das súas obrigas tributarias ou de natureza análoga coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesoureira Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galiza ou co Concello de Barbadás. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.
3. Así mesmo, recordar que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención de outras subvenciones ou axudas que financien as actividades subvencionadas.
4. A data límite de xustificación será o 19 de decembro de 2025, noutro caso, se perderá o dereito a percibir a axuda.
5. Os lugares de presentación da xustificación serán os mesmos previstos para a presentación da solicitude.
6. Poderán entregar xustificantes de pago con datas comprendidas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.
7. Se iniciará expediente de reintegro, parcial ou total, nos seguintes supostos:
 - Se se comproba que se falsearon os datos da solicitude e/ou da documentación presentada.
 - Se a subvención non se destinou ao financiamento dos fines e

Concello de Barbadás





actividades para os que se concedeu.

- Se a porcentaxe do coste xustificado das actividades subvencionadas é inferior á porcentaxe do coste subvencionado.

8. Para a xustificación da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar electrónicamente o formulario segundo o modelo aprobado, firmado polo representante da asociación.

9. A xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo a responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Se trata de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, cuxo importe total deberá cubrir como mínimo o importe da subvención outorgada.

10. A documentación que deberá enviar a efectos de xustificación é a seguinte:

- Anexo "Xustificación da subvención" segundo o modelo aprobado
- Anexo "Memoria de avaliación", segundo o modelo aprobado
- Anexo "Relación numerada dos xustificantes dos gastos", segundo o modelo aprobado

11. Xunto cos anexos mencionados se incluírá a seguinte documentación:

- DNI-NIF/NIE do representante.
- Acreditación da representación, se procede.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e demais documentos de acreditación que xustifique o pago de cada unha delas en formato pdf. (non serán válidas as fotografías de ditos documentos)

12. As facturas deberán cumprir co disposto polo Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación ou norma que o substitúa, considerándose, en todo caso, imprescindible, que recolla o nome ou razón social da empresa





que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, o IVA de forma diferenciada, base impositible, tipo de IVA aplicable e importe total.

13. A acreditación do pago dos gastos subvencionados, se realizará por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria. As facturas se acompañarán da copia do xustificante do cargo bancario (extracto bancario ou movemento bancario, orde de transferencia) no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número da factura ou o concepto aboado.
- Cheque. Ademais da copia do cheque firmado, se xustificará mediante a copia do extracto bancario do cargo en conta correspondente ao cheque.
- Efectivo: Só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade. Se xustificará mediante a factura ou recibo firmado polo proveedor, no que se indique la data de abono e a expresión *recibí, cobrado, pagado ou outra análoga*. En ningún caso se admitirá o pago en efectivo de cantidades superiores as establecidas como límites pola normativa tributaria ou de prevención de branqueo de capitais.

14. En ningún caso se admitirán notas de entrega, albaráns, ou outro tipo de documentos comerciais sen transcendencia tributaria. No caso da documentación que acredite a publicidade da colaboración do Concello de Barbadás nas actividades obxecto de subvención esta poderá ser a carteleira, folletos informativos, boletíns e outros, acreditativos da publicidade efectuada.

15. Todos os pagos relacionados coa finalidade da subvención deberán realizarse con cargo á conta cuxo titular sexa a entidade beneficiaria.

16. No caso de actividades nas que se cobre aos participantes (socios ou non socios), se deberá incluír na documentación, certificado ou informe no que se faga constar as cantidades percibidas dos participantes en dita





actividade.

17. Para a xustificación deberá terse en conta o seguinte:

- Deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e pagados. Se considera gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola norma reguladora de subvención.
- Os gastos deben cumprir co obxecto e finalidade da subvención.
- Todas as facturas deberán referirse a actividades e gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.
- Non se admitirán facturas ou tiquets con data posterior á actividade correspondente.
- Tendo en conta o que se sinala na base 11, deberán xustificar, como mínimo, o importe que se sinale no acordo de concesión.
- No caso de que xustificarse debidamente a totalidade do orzamento regrantado, se reintegrará a parte proporcional que corresponda.
- Non se admitirán fotografías dos documentos xustificativos. So se admitirán documentos en formato PDF. Os documentos presentados nun formato diferente teranse por non presentados.

18. Non está prevista a constitución de garantías.

BASE XIII. INCUMPRIMENTOS

1. A falla de presentación da documentación xustificativa no prazo estipulado suporá a perda da subvención e suporá as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

2. No caso de duplicidade de concesión, o Concello revocará a súa axuda, con obrigación por parte do beneficiario de reembolsar a cantidade recibida no prazo de 15 días a contar desde a comunicación. Igualmente procederá a revogación se se descubriera ocultación ou falsidade dos datos.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





3. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, de ser o caso, á incoación do expediente de reintegro.

BASE XIV. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

1. Os beneficiarios da subvención quedarán sometidos as responsabilidades e réxime sancionador sinaladas no título IV da Lei Xeral de Subvencións.
2. Para efectuar unha mellor valoración das solicitudes e a resolución do expediente, o Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións que considere oportunas para acreditar a veracidade dos datos presentados polos solicitantes.
3. Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, estarán obrigados a comunicarlle ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou persoal.

DISPOSICIONS FINAIS.

Primeira.- Calquera interpretación destas bases reguladoras será realizada pola Comisión de Avaliación.

Segunda.- Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvencións e o RD 887/2006 que aproba o regulamento de dita lei, e la Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galiza.

Terceira.- Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte ao do seu publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Barbadás

